- e) Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- f) Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- g) Presentar en público programas axeitados ó nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.
- h) Descubrir e razoar os trazos característicos das obras escoitadas en audicións de concertos en directo ou de gravacións.
- i) Ler a primeira vista fragmentos musicais acorde ó nivel.
- j) Demostrar seguridade e precisión no uso da terminoloxía axeitada para formular xuízos persoais acerca das obras estudadas e aquelas que gozan despecial significación.

Minimos esixibles

Os mínimos esixibles no grao elemental e no grao profesional será o que está marcado na programación para cada un dos contidos programados para o curso que lle corresponda.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao longo do curso avaliaráse ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: inicial, para coñecer o nivel do alumnado no curso que comeza; continua ou sumativa, ao longo do curso segundo a súa evolución técnica e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; e final, onde se terá en conta toda a súa evolución.

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán son os seguintes:

Observación sistemática. A avaliación é sempre un proceso continuo de constatación e valoración dos resultados da aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de xeito programado a

través de documentos que o profesor pode utilizar para anotar indicacións sobre a evolución do alumnado durante ou despois de cada sesión didáctica. Documentos deste tipo son, por exemplo, os cadernos da aula e os rexistros anecdóticos.

Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado as sesión de clase, tanto individuais como colectivas, pois doutro xeito non sería posible un seguimento sistemático do desenvolvemento do alumnado, todo isto é esencial para a súa correcta avaliación.

Probas prácticas. Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que esquecer que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, os profesores da especialidade de trombón organizarán, ao longo do curso, audicións, probas e concertos, todos eles de carácter público, co fin de que o alumnado poida demostrar a asimilación e as súas destrezas nos contidos técnicos e musicais, tocando sós, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.

Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas polos outros profesores de especialidades afíns para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre instrumentistas e a unificación de criterios entre docentes, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias.

Proporase un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis a hora de avaliar.

Outras. A verbalización permítenos saber o que o alumnado pensa e sabe, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de entrevistas persoais. Outros elementos que poden servir para avaliar ao alumnado e a análise de producións tales como exposicións orais sobre un tema concreto, investigacións dirixidas, así como a súa participación en actividades extraescolares diversas.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

-Técnicos: 35% (corresponde no caderno de aula con: Afinación e Son)

Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural ...

- Estéticos: 35% (corresponde no caderno de aula con: Posición e Ritmo)

Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística...

- Capacidade de esforzo individual e colectivo: 30% (corresponde no caderno de aula con: Estudo)

Estudo, Interese, Comportamento, Disciplina, rendemento, progreso...

O alumnado deberá superar o 40% da cualificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

No caso dos Procedementos Alternativos e máis concretamente das Probas Extraordinarias, aplicarase os seguintes porcentaxes aos diferentes Criterios:
Criterios técnicos: 50%

Criterios estéticos: 50%

Criterios de promoción

Promocionará na materia quen cumpra cos mínimos exigibles dos contidos exigidos.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado concederáse, tras a orientación do profesorado, e quen teña interese así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

O profesorado poderá realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Actividades de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas fundamentalmente para o alumnado que presente un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo persoalizado.

Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos, e volta ós conceptos máis básicos se fose necesario.

Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido, e na aplicación práctica no estudo cotián.

Utilización doutros medios para presentarlle os contidos ou unha nova reformulación dos mesmos.

Reforzos para lograr a recuperación

Consideraranse reforzos para lograr a recuperación a asistencia do alumnado ás titorías as veces que se considere oportuno e preciso, así coma horas de reforzo se o centro ten dispoñibilidade horaria ou de aulas. Ditas horas de reforzo serán titoradas e faranse sempre que se estimen oportunas a maiores da asistencia ás clases ordinarias.

Probas extraordinarias

No caso de que alguén non supere a avaliación de xeito positivo no curso lectivo ordinario dentro de cada un dos cursos que conforman o grao elemental e profesional na especialidade de trombón, deberá afrontar unha proba no mes de Xuño co fin de amosar que acada os obxectivos propostos para o curso na programación didáctica.

Esta proba terá carácter práctico e o alumnado deberá presentar como mínimo 3 estudos ou obras, unha delas de memoria, dependendo dos contidos que correspondan ao curso en cuestión e sendo o profesor o encargado de designar as escalas, estudos, pezas, etc a interpretar no exame.

Ademais neste exame o profesor poderá pedir que o alumnado toque as obras, estudos etc... na súa totalidade ou só parcialmente, como estime oportuno en cada ún dos casos.

Ademais será na última semana de curso cando o profesor notificará ao seu alumnado o que terán que preparar para as probas extraordinarias de recuperación, no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo, entregado xunto co Boletín de Notas ou enviado por Centros-Net

- **Non será obrigatorio traer pianista acompañante para a interpretación das obras ou pezas que o requiran.**
- **O alumnado terá que traer o material de exame (obras, estudos, etc.....)**

Recursos didácticos

Utilizaremos os seguintes recursos: Mobiliario de aula, atrás, lousa, metrónomo, afinador, instrumento, servizo de fonoteca, biblioteca, aparato de gravación, reprodutor de video e televisión, CDs, Internet e por ultimo os bibliográficos que detallare a continuación.

BIBLIOGRAFIA 6ºG.P.

Estudios característicos.....	Arban's
Vingt Études de Perfectionnement.....	Dotzauer
Sixty Selected Studies for Trombone vol (I).....	Kopprasch
Methode complete de trombone a Coullisse Vol.3	A. Lafosse.
Melodius Etudes for Trombone.....	J. Rochut
Basic Rutines.....	Mastelleer
Lips Slurs.....	Edwards
Tecnica Vol 2.....	Muller
Metodo completo	Arban's

- Escalas y arpeggios Maiores e Menores con todas as alteracións

Tres solos orquestais elixidos entre os seguintes

- "Réquiem" de **Mozart.**
- "Gazza Ladra" de **G. Rossini.**
- "Guillermo Tell" de **G. Rossini.**
- "Sifonía 3ª" de **Malher.**
- "Tanhauser" de **R. Wagner.**
- "Loengrin" de **R. Wagner.**
- "Walkirias" de **R. Wagner**
- "Bolero" de **Ravel.**
- "Till elulenspiegel" de **R. Strauss**

-Obras-orientativas

Sonata.....	Hindemith
Morceau Symphonique..	Guilmant
Concertonº2.....	Reich
Sonata Fa m.....	Teleman
Concerto Fam.....	Haendel
Concertino.....	David
Sonata.....	Sulek
Ballada.....	Bozza
Fantasia.....	Stojowski
Sonatine.....	Serocki
Concertino.....	Larsson

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación, homoxeneización e calibración

No apartado de **mínimos exixibles**, procederase a escollelos despois de facer unha avaliación inicial do alumnado cando comece o curso, e deste xeito adaptalos o mellor posible as súas características técnicas e interpretativas na súa especialidade, neste caso no trombón.

Mensualmente destinaráse a lo menos una hora para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Nesta valoración incluíránse os obxetivos non acadados de cada unha das especialidades.

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán son os seguintes:

Observación sistemática. A avaliación é sempre un proceso contínuo de constatación e valoración dos resultados da aprendizaxe. A avaliación, como proceso aberto e dinámico, constitúe unha base permanente da planificación do traballo. A observación sistemática realízase de forma preconcebida e programada a través de documentos que o profesor pode utilizar para anotar indicacións sobre a conduta do alumnado durante ou despois de cada clase. Documentos de este tipo son, por exemplo, os cadernos de aula e os rexistros anecdóticos ou de observacións diarias.

Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado as clases, tanto individuais como colectivas, pois do contrario non é posible un seguimento sistemático do desenvolvemento do alumnado, esencial para a súa correcta avaliación.

Probas prácticas. Para a avaliación do proceso de aprendizaxe musical hai que ter en conta as características da música. Sen dúbida algunha, os coñecementos teóricos, históricos e culturais poden ser avaliados facilmente por diversos instrumentos de avaliación. Pero non hai que olvidar que gran parte da aprendizaxe musical só pode avaliarse a partir da execución e da interpretación. Para isto, os profesores da especialidade de trombón organizarán, ao longo do curso, audicions, probas e concertos, todos istos de carácter público, co fin de que o alumnado poida demostrar a asimilación e o desenvolvemento dos contidos técnicos e musicais, tocando sós, en grupo ou acompañados de piano ou outro instrumento.

Prevese aquí a posibilidade de facer coincidir algunhas destas actividades coas organizadas polos outros profesores de especialidades afíns para a súa celebración conxunta, co fin de motivar o acercamento entre o alumnado e a unificación de criterios entre os profesores, así como o intercambio de puntos de vista e experiencias.

Proporase ao alumnado un mínimo dunha participación neste tipo de actividades por curso, e consideraranse tales actividades como un importante elemento máis a hora de avaliar ao alumnado.

Outras. A verbalización permítenos saber o que o alumnado pensa e sabe, a través das súas preguntas e intervencións na clase, de postas en común e debates ou de entrevistas persoais. Outros elementos que poden servir para avaliar ao alumnado e o análise de produccions tales como exposicións orais sobre un tema concreto, investigacións dirixidas, así como a súa participación en actividades extraescolares diversas.

O seguemento da Programación deberá ser a lo menos mensual a través dos medios que considere oportuno o docente, ben na reunión de Departamento, a través dun libro do profesor ou outro medio alternativo. Todas aquelas incidencias, modificacións... que sexan necesarias serán revisadas nas seguintes programacións e quedará costancia delas nas diferentes reunións de Departamento e reflexadas na Memoria Final do Departamento.

O **Seguimento da Programación** realizarase, como mínimo, unha vez ao mes nas reunións de Departamento no que será un dos puntos do día de ditas reunións.

Para a realización da **Homoxeneización**, antes de entregar a Programación, os/as profesores/as da mesma asignatura acordarán os diferentes Criterios de Cualificación, así como o seu nivel de concreción, que se verá reflexado na correspondente Programación Didáctica.

O proceso de **Calibración** realizarase naqueles casos nos que existan mais dun/ha profesor/a por asignatura e mesmo nivel educativo:

- Nas especialidades teóricas, os/as profesores/as da mesma asignatura e nivel educativo poderán concretar todo o referente ao sistema de corrección das diferentes probas a realizar; os resultados das mesmas poderase analizar nas Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación para comprobar o correcto funcionamento do procedemento.
- Nas especialidades instrumentais, os/as diferentes profesores/as comunicarán con tempo suficiente as datas das Audicións, Probas de Aula ou todas aquelas actividades que poidan servir para a realización da Calibración. A posta en común dos resultados, conclusións, axustes... poderán levarse a cabo nas diferentes Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Nas reunións de departamento, e con máis enfase ao remate de cada trimestre, valorarase o funcionamento interno de dito órgano en función dos datos obxectivos recollidos polo mesmo. Cada departamento implementará o sistema máis axeitado para dita valoración, pero é fundamental recoller os datos e opinións de cada profesor e reflexalos nas actas de departamento, con respecto a:

- Dificultades dos profesores ao longo do curso.
- Posibilidades de materiais para mercar polo centro.
- Nivel académico e de motivación do alumnado
- Traballo axeitado do xefe de departamento á hora de informar dos acordos tomados nas CCP e outras posibles reunións.
- Etc..

9. ANEXOS

PROBA DE ACCESO A 1º G.P

ASIGNATURA: TROMBÓN

O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba
O Centro dispón dun servizo de pianista acompañante para a realización desta proba, deberá consultar ás condicións no momento de formalizar a matrícula.

As probas de acceso ó primeiro curso de grado profesional consistirá na interpretación de tres obras de diferentes estilos interpretativos, sendo unha delas interpretada de memoria.

A elección das tres obras será axeitada ó nivel que se pretende acceder e no que se reflectirán os obxectivos e contidos conseguidos ó longo de todo o grao elemental.

O centro facilitará un repertorio orientativo das obras de acceso a primeiro de grao profesional. Para a realización da proba o aspirante presentará tres obras, xa sexan as expostas nesta lista ou da mesma ou parecida dificultade das expostas nesta relación. En caso de ser diferentes o tribunal ditaminará a idoneidade das obras presentadas por si non alcanzan o nivel para o curso o que se vai a optar.

CONTIDOS

- Estudo de obras co acompañamento de piano.
- Desenrolo de relaxación e da respiración diafragmática
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Ampliación do estudo da técnica da vara.
- Desenvolvemento dos rexistros grave e agudo.
- Traballo das distintas articulacions.
- Desenvolvemento da flexibilidade.
- Entrenamento progresivo da memoria.
- Iniciación a comprensión e análise de estruturas musicais sinxelas.
- Práctica de conxunto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ter unha correcta posición corporal.
- Obter co instrumento unha sonoridade clara e precisa en toda a tesitura empregada.
- Ter unhas boas capacidades auditivas e rítmicas.
- Ter un bo son, emisión, flexibilidade, articulacions, memoria e repentización.
- Ter control das distintas dinámicas.
- Ter control sobre a respiración diafragmática.
- Interpretar de memoria obras do repertorio, de acordo cos criterios do estilo correspondente

Obras orientativas:

- Cantilena.....**Haendel**
- Apres un reve.....**Faure**
- Priere.....**Clerisse**
- Balade en Perigord.....**Alain Crepin**
- Serenade.....**Schubert**
- Sarabande.....**H.Gagnebin**
- Trombonaria..... **Brouquieres**

Criterios de cualificación para as Probas de Acceso a 1 G.P..

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliábeis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

1. Criterios técnicos: 60%
2. Criterios estéticos: 40%

Probas de acceso a outros cursos.

O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba

Calquera acompañamento correrá a cargo do aspirante

Probas de acceso de 2ª a 4ª G.E.

As probas constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio, e consistirán en:

a) Interpretación no instrumento de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.

O nivel das obras deberá corresponder, cando menos, ao curso anterior ao que se opte, segundo os contidos que aparezan na presente programación didáctica. Nesta proba, se algunha das obras do repertorio elixido polo aspirante require instrumentistas acompañantes, estes non serán, en ningún caso, facilitados polo conservatorio.

b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

Acceso a 2º de G.E.

Contidos__

- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha posición correcta do trombón e do corpo.
- Correcta emisión do ton.
- Execución do repertorio axeitado ao nivel do curso

Criterios de avaliación

- Avaliarase a posición corporal adoptada para a interpretación do trombón.
- Avaliarase unha sonoridade clara e precisa en relación ó curso.
- Avaliarase o control da respiración en relación ó curso.
- Avaliarase as capacidades auditivas e rítmicas.
- Avaliarase o dominio das escalas do curso.

Obras orientativas

- Serenade (Aprende tocando o trombón) – Peter Wastall.
- Autumn Gold (Aprende tocando o trombón) – Peter Wastall.
- Chorus (Aprende tocando o trombón) – Peter Wastall.
- Andante (Aprende tocando o trombón) – Peter Wastall.

Criterios de cualificación.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 50%
Criterios estéticos: 50%

Acceso a 3º de G.E.

Contidos

- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha posición correcta do trombón e do corpo.
- Correcta emisión do ton.
- Execución do repertorio axeitado ao nivel do curso

Criterios de avaliación

- Avaliarase a posición corporal adoptada para a interpretación do Trombón.
- Avaliarase unha sonoridade clara e precisa en relación ó curso.
- Avaliarase o control da respiración diafragmática en relación ó curso.
- Avaliarase as capacidades auditivas e rítmicas.

Obras orientativas

- The Sandman (Aprende tocando el trombón) – Peter Wastall.
- Mindnigth in Tobago (Aprende tocando el trombón) – Peter Wastall.
- The Handbone Man (Aprende tocando el trombón) – Peter Wastall.

Criterios de cualificación.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 50%

Criterios estéticos: 50%

Acceso a 4º de G.E.

Contidos

- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha posición correcta do trombón e do corpo.
- Correcta emisión do ton.
- Execución do repertorio axeitado ao nivel do curso

Criterios de avaliación

- Avaliarase a posición corporal adoptada para a interpretación da trombón.
- Avaliarase unha sonoridade clara e precisa en relación ó curso.
- Avaliarase o control da respiración diafragmática en relación ó curso.
- Avaliarase as capacidades auditivas e rítmicas.

Obras orientativas

- The Handbone Man (Aprende tocando el trombón) – Peter Wastall.
- Oxford Blues (Aprende tocando el trombón) – Peter Wastall
- Caprice Medieval..... J. Barat.
- Four simple pieces (1º y 2ª pieza)..... A. Hutt

Criterios de cualificación.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios técnicos: 50%

Criterios estéticos: 50%

Probas de Acceso de 2º a 6º G.P.

O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba

Calquera acompañamento correrá a cargo do aspirante

Para a realización da proba o aspirante presentará tres obras, xa sexan as expostas nesta lista ou da mesma ou parecida dificultade das expostas nesta relación (Ademais nesta proba de acceso o profesor poderá pedir que o alumnado toque ditas obras, na súa totalidade o só parcialmente, coma él estime oportuno en cada un dos casos)

Como mínimo, unha das obras que presente, debe ter unha formación, de polo menos, dúas persoas (para a valoración de Música de Cámara ou Conxunto). En caso de ser diferentes o tribunal ditaminará a idoneidade das obras.

As obras deberán levar, si é o caso, acompañamento de piano.

ACCESO A 2º G.P

CONTIDOS

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición do trombón e do corpo.
- Correcta emisión do ton

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ter unha correcta posición corporal.
- Obter co instrumento unha sonoridade clara e precisa en toda a tesitura empregada.
- Ter unhas boas capacidades auditivas e rítmicas.
- Ter un bo son, emisión, flexibilidade, articulacións, memoria e repentización.
- Ter control das distintas dinámicas.
- Ter control sobre a respiración diafragmática.
- Interpretar de memoria obras do repertorio, de acordo cos criterios do estilo correspondente

obras orientativas

Fantasia.....	J.F. Michel
Theme de concours.....	R. Clerise
Concert Piece.....	A. Ostrander.
Sonata nº1	Galliard
Austin Park March.....	A Frackenhohl.
Cordelinette.....	J. Meyer
Fantasy.....	J. Curnow
Concertino Petite.....	J. Cimera
Trombonaria.....	Brouquieres
Estudio Nº5 <u>31 estudios brillantes...</u>	M. Bleger

ACCESO A 3º G.P

CONTIDOS

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición do trombón e do corpo.
- Correcta emisión do ton

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ter unha correcta posición corporal.
- Obter co instrumento unha sonoridade clara e precisa en toda a tesitura empregada.
- Ter unhas boas capacidades auditivas e rítmicas.
- Ter un bo son, emisión, flexibilidade, articulacións, memoria e repentización.
- Ter control das distintas dinámicas.
- Ter control sobre a respiración diafragmática.
- Interpretar de memoria obras do repertorio, de acordo cos criterios do estilo correspondente

Obras orientativas

- Vocalisse.....**Rachmaninoff.**
- Cordelinette.....**Meyer**
- Concertino Petite.....**Cimera.**
- Fantasy.....**Curnow.**
- Famosa Aria.....**Paudert.**
- Romance**V. Ewald.**
- Concerto Giocoso..... **Thilman.**
- Sonata ReM.....**A. Caldara.**
- Sonata Fa M **Marcello**
- Colneford Suite.....**Bullard.**

ACCESO A 4º G.P

CONTIDOS

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición do trombón e do corpo.

- Correcta emisión do ton

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ter unha correcta posición corporal.
- Obter co instrumento unha sonoridade clara e precisa en todala tesitura empregada.
- Ter unhas boas capacidades auditivas e rítmicas.
- Ter un bo son, emisión, flexibilidade, articulacións, memoria e repentización.
- Ter control das distintas dinámicas.
- Ter control sobre a respiración diafragmática.
- Interpretar de memoria obras do repertorio, de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-Obras orientativas

Sonata Lam	Marcello
Sonata Fa M	Marcello
Vocalisse.....	Rachmaninoff
Cavatina.....	SaintSaens
Romance.....	Jorgensen
Cortege.....	Dubois
Concertino.....	Sachse
Concierto.....	Lauga
Sonata N°5.....	Galliard

ACCESO A 5º G.P

CONTIDOS

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición do trombón e do corpo.
- Correcta emisión do ton

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ter unha correcta posición corporal.
- Obter co instrumento unha sonoridade clara e precisa en toda a tesitura empregada.
- Ter unhas boas capacidades auditivas e rítmicas.
- Ter un bo son, emisión, flexibilidade, articulacións, memoria e repentización.
- Ter control das distintas dinámicas.
- Ter control sobre a respiración diafragmática.
- Interpretar de memoria obras do repertorio, de acordo cos criterios do estilo correspondente

-Obras orientativas

Romance.....	Weber
Concertino.....	Sachse
Cavatina.....	Saint saen
Homenage a Bach.....	Bozza
Romance.....	Jorgensen
Sonata lam	Marcello
Sonata N°5.....	Vivaldi
Sonata N°6.....	Galliard
Elegy for Mippy.....	Berstein

ACCESO A 6º G.P

CONTIDOS

- Amosar unha correcta respiración, embocadura, emisión e afinación.
- Interpretación dun repertorio axeitado a este nivel.
- Afinación, o fraseo, a articulación, o ritmo e a dinámica.
- Empregar correctamente os músculos faciais e abdominais.
- Amosar unha correcta posición do trombón e do corpo.

- Correcta emisión do ton

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ter unha correcta posición corporal.
- Obter co instrumento unha sonoridade clara e precisa e en totala tesitura empregada.
- Ter unhas boas capacidades auditivas e rítmicas.
- Ter un bo son, emisión, flexibilidade, articulacións, memoria e repentización.
- Ter control das distintas dinámicas.
- Ter control sobre a respiración diafragmática.
- Interpretar de memoria obras do repertorio, de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-Obras orientativas

Concerto.....**R.Korsakov**
 Morceau Symphonique..**Guilmant**
 Impromptu.....**Bigot**
 Ballada.....**Bozza**
 Homenage a Bach..... **Bozza**
 Concerto.....**Graffe**
 Sonata.....**Sulek**
 Sonata nº5.....**Vivaldi**
 Sonata Fa m.....**Teleman**
 Concerto nº2.....**Reich**

Criterios de cualificación para as Probas de Acceso a 2º a 6º G.P..

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo aos distintos aspectos avaliáveis, e seguindo as seguintes porcentaxes:

1. Criterios técnicos: 50%
2. Criterios estéticos: 50%

BAREMO DE TODAS AS MATERIAS PARA AS PROBAS DE ACCESO AOS CURSOS DE 2º A 6º DE GRAO PROFESIONAL.

Orquestrais

	2º	3º	4º	5º	6º
	TEÓRICA - PRÁCTICA				
L.M.	100 %	100%	30 %	20 %	15 %
H.Mus.				20 %	15 %
Análise					30 %
Armonía			45 %	35 %	15%

Nov. Tec.			10 %	10 %	10 %
P.C.			15 %	15 %	15 %
	INSTRUMENTAL				
Instrumento	70 %	70 %	70 %	70 %	70 %
Conxunto/M ^a de Cámara	20 %	20 %	20 %	20 %	20 %
Orquestra/Banda	10 %	10 %	10 %	10 %	10 %

RECITAL DE PREMIO DE FIN DE GRAO PROFESIONAL.

Poderán presentarse todos aqueles alumnados e alumnas do Conservatorio Profesional Xan Viaño que finalizaran 6º de Grao Profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.

O concurso terá lugar ante un tribunal de tres membros único para todos os candidatos, non podendo ser membros deste tribunal aqueles profesores que o foran dos candidatos no presente curso.

Os candidatos interpretarán unha obra ou obras dun nivel axeitado á categoría da proba. Os candidatos presentarán tres copias de cada obra ao tribunal.

O tribunal, proposto pola dirección do centro, será publicado con antelación no taboleiro de anuncios do centro, así como os horarios exactos de celebración do concurso.

Os candidatos terán que aportar o seu pianista nas especialidades que así o precisen.

Tanto a selección como posibles concertos derivados desta convocatoria poderán ser gravados polo centro e empregados con fins pedagóxicos.

O tribunal terá plena liberdade para interrompir a interpretación dos candidatos cando o considere oportuno. A duración de cada intervención non superará os 20 minutos, e terá unha duración mínima de 15.

Criterios de avaliación

Interpretar as obras amosando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobaráse que o alumnado ou alumna demostra unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarásese segundo os seguintes indicadores:

- ⑩ Dificultade do repertorio.
- ⑩ Control do ritmo e medida das figuras.
- ⑩ Claridade e igualdade de dixitación.
- ⑩ Calidade do son.

Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarase o estilo interpretativo do alumnado o alumna mediante os seguintes indicadores:

- ⑩ Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.
- ⑩ Adecuación sonora aos diferentes estilos
- ⑩ Adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación
- ⑩ Corrección na execución dos ornamentos

Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto a movementos, notas e tempos. Con este criterio se comprobará o rigor do alumnado ou alumna na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:

- ⑩ Respeto dos aires e movementos.
- ⑩ Fidelidade das indicacións agónicas e dinámicas contidas na partitura.
- ⑩ Exactitude na exposición das notas.

Amosar as dotes artísticas e a unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumnado ou alumna mediante os seguintes indicadores:

- ⑩ Capacidade de comunicación musical.
- ⑩ Concentración ao longo do recital.

SEGUNDO INSTRUMENTO

La asignatura de 2º Instrumento é una optativa de 6º GP

Obxetivos

Neste curso atopámonos coa primeira toma de contacto do alumnado co instrumento; dada a dificultade que supón enfrontarse a iso, trataremos de que asimile todo o posible acerca da morfoloxía do propio instrumento, unha correcta posición corporal ante el, introdución á técnica básica (técnicas de execución), etc. Así, os obxectivos propostos son:

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento.
- b) Tocar a escala de si bemol do e fa maiores mantendo unha calidade do son uniforme.
- c) Interpretar de memoria exercicios básicos de técnica.
- d) Adquirir bos hábitos de estudo e de aproveitamento do tempo. Insistir na necesidade do estudo diario aínda que este sexa mínimo.
- e) Aprender a escoitarse e valorar individualmente o traballo realizado (autocrítica).
- f) Ler correctamente estudos básicos e cancións sinxelas en clave de Fa. Insistir na importancia da práctica en conxunto para mellorar aspectos tales coma a sensibilidade auditiva, ritmo, pulso..., a través de exercicios técnicos ao unísono ou pequenas melodías (pequena introdución ao concepto de música de cámara).

g) Asistir con interese e aproveitamento ás clases colectivas.

Contidos

- a) Estudo básico do funcionamento acústico do trombón.
- b) Elección e estudo da boquilla.
- c) Colocación do instrumento.
- d) Estudo da emisión do sonido.
- e) Principios básicos da técnica da vara.
- f) Iniciación a lectura da clave de Fa en cuarta línea.
- g) Práctica da relajación e da respiración.
- h) Entrenamiento progresivo da memoria.
- i) Práctica de conxunto.

Avaliación

Criterios de avaliación

- a) **Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.** Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- b) **Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.** Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- c) **Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.** Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- d) **Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.** Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.
- e) **Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.** Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- f) **Interpretar en público, ao menos unha peza de concerto, entre as obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.** Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- g) **Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.** Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica,

dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

h) Interpretar pezas con outros compañeiros demostrando interés e compañeirismo seguindo as indicacións traballadas en clase.

i) Presentar o traballo diario semanal proposto cun nivel de estudio aceptable.

j) Presentar de memoria as escalas traballadas e adecuadas ao nivel.

k) Presentar unha actitude de compañeirismo e boa predisposición á hora de tocar en grupo ou no momento da sesión co profesor.

Minimos esixibles

Os mínimos esixibles no grao elemental e no grao profesional será o que está marcado na programación para cada un dos contidos programados para o curso que lle corresponda.

CLASE COLECTIVA

Obxetivos

- Iniciación do alumnado na práctica de conxunto, respectando valores como o compañeirismo, tolerancia, respecto etc.
- Valorar o silencio como unha práctica indispensable na clase colectiva.
- Manifestar en todo momento a capacidade de tocar ao mesmo tempo que se escoita.
- Interpretar un repertorio de grupo adecuado ao nivel.
- Realizar sesións de audición ou visualización de concertos (directo, CD, vídeos...)
- Repasar dúbidas do Linguaxe Musical.

Contidos

- Práctica de conxunto de pezas sinxelas.
- Traballo da emisión en conxunto.
- Traballo da dinámica.
- Traballo do pulso e da afinación adecuados ao nivel.
- Traballo de escalas e acordes maiores.
- Exercicios de imitación.